

ACTA Nº 1/2007 DA MESA SECTORIAL DE NEGOCIACIÓN DE FUNCIONARIOS

En Santiago de Compostela, sendo as 13:00 horas do día 30 de maio de 2007, reúnese, en sesión ordinaria, no salón de actos nº 2 (pequeno) da Consellería de Presidencia, Administracións públicas e Xustiza, a Mesa Sectorial de Negociación de Funcionarios coa asistencia das persoas a seguir se relacionan, segundo a orde do día que tamén se cita.

ASISTENTES:

Presidente: Victor Gallego Vincent, Subdirector xeral de Réxime Xurídico e Relacións Laborais da Dirección Xeral da Función Pública.

Pola Administración:

Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar: Ramón del Valle López

Secretaría Xeral da Presidencia: Eva M^a Sanín Mariño

C. de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza: Laura Basoa Pérez e Vanessa Brea Lago

C. de Economía e Facenda: M^a Dolores Rodríguez Amaya e Carlos Carid Fernández.

C. de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes: María Chas de la Calle.

C. de Educación e Ordenación Universitaria: Marina García Valeiras.

C. de Innovación e Industria: Lourdes Courtier Ramos.

C. de Sanidade: Rosario García Villadangos

C. de Pesca e Asuntos Marítimos: Marta Ramos Lage.

C. Cultura: Miguel Angel Ares Casal

C. de Traballo: Don Víctor Tubío Villar.

C. Vivenda e Solo: Jorge Picouto Delgado

Representantes das Organizacións Sindicais presentes na Mesa Sectorial de Negociación:

CIG: M^a Mar Costa Morono, Rafael Aguirrebengoa Esnaola e Alexandre Prieto Giráldez.

CC.OO: Pedro Méndez Gil

UGT: Oliva Lorenzo Grañido, Baltasar García García e Miguel Angel Dono Gómez. Suplentes: Marina Barril González, Luz Limia Cid e Roberto de Cabo Alvarez

CSI-CSIF: Alvaro Fernández Bahamonde e José Carlos García Bouzas. Suplente: Clara Artigas Hernández

Secretaria: Raquel Souto García, xefa do servizo de xestión da Dirección xeral da Función Pública.

Punto primeiro: Lectura e aprobación das actas núms. 4/2005 e 1, 2/2006 correspondentes á sesións anteriores.

Punto segundo: Proxecto de Orde pola que se convoca concurso para a provisión de postos de traballo vacantes na Administración xeral da Xunta de Galicia.

Punto terceiro: Rogos e preguntas.

Previamente, ao inicio da sesión, entregouse aos asistentes unha copia do documento que se engade a esta acta como anexo I, contendo as modificacións do anexo de vacantes a ofertar no concurso, por estar prevista a súa amortización.

Punto primeiro. Lectura e aprobación das actas núms. 4/2005 e 1, 2/2006 correspondentes á sesión anterior.

Foron lidas as actas 4/2005 e 1 e 2/2006, aprobándose co voto en contra da CIG, e coa abstención de UXT e CSI-CSIF. CCOO abstense respecto a acta 4/2005, e vota a favor das actas 1 e 2/2006.

Os representantes das organizacións sindicais alegaron que transcorrera moito tempo desde a celebración das sesións ata a lectura e aprobación das actas, propoñendo CCOO que se arbitre algún sistema máis axeitado para a aprobación das actas.

Punto segundo. proxecto de Orde pola que se convoca concurso para a provisión de postos de traballo vacantes na Administración xeral da Xunta de Galicia.

Toma a palabra o presidente da Mesa Sectorial, informando que a relación de vacantes que se entregou ao inicio da sesión, refírense a postos que se van a amortizar, e que se retiran do concurso de traslados.

Con respecto ás bases da convocatoria, informa que se mantiveron varias reunións previas coas representacións das organizacións sindicais, destacando que se fixeron varias modificacións con respecto as bases do concurso anterior, entre outras: a consideración dos cursos de formación, as medidas de conciliación e igualdade de xénero (base II.8) e o tempo e forma de acreditación dos méritos.

*Intervén a representación da organización sindical CIG, facendo as seguintes observacións sobre as bases da convocatoria:

- Respecto aos funcionarios/as excluídos da posibilidade de participación no concurso, solicita que se inclúa a posibilidade de que participe o persoal regulado pola Lei 17/1989, do 23 de outubro, de creación de escalas de persoal sanitario ao servizo da Comunidade Autónoma.
- Propón que na fase de resultados poida solicitarse máis de unha localidade.
- Con respecto a antigüidade, propón que o tempo de servizos na Xunta de Galicia se puntúe o dobre que o tempo de servizos prestados noutras Administracións.
- Con respecto ao grao persoal, propón que o nivel mínimo comece cunha puntuación superior, e os incrementos se reduzan, puntuándose soamente ata o nivel 26.
- Propón que se retire a puntuación da titulación académica, ou alternativamente que se aplique o acordo de Boloña sobre titulacións.
- Considera excesiva que se outorgue 1 punto no apartado II.8.1, se ben está de acordo con que se puntúe o suposto de agrupación familiar, se ben considera que debería terse en conta con independencia de que o cónxuxe ou parella de feito sexa ou non funcionario. Tamén considera que se debe contemplar o suposto de que o matrimonio ou parella de feito traballen fora do lugar de residencia.
- Solicita que se amplíe o prazo de 15 días para a presentación de solicitudes, se coincide este prazo no verán e a posibilidade de que as solicitudes dos interesados se presenten por vía telemática.

- Solicita que se teña en conta a efectos de puntuación o caso do personal a quen se lle amortiza o posto obtido por concurso e o persoal que superou os procesos de promoción interna e solicitaron a excedencia por incompatibilidade, e tamén que se valore dalgún xeito o tempo de destino provisional por novo ingreso.
- Con respecto aos cursos de formación, solicita que os cursos de informática se valoren tamén no grupo E, que os cursos se valoren por horas, que o curso de perfeccionamento de xefes de sección só se valore para postos de nivel 25, e que o curso de perfeccionamento de xefes de negociado só se valore para postos de nivel 18
- Con respecto ao anexo das vacantes, solicita que se oferten todas as vacantes, e respecto os postos que se queren retirar do concurso por estar prevista a súa amortización, reiteran que non se utilicen para conservar interinos ou funcionarios en comisión de servizos.

*Intervén a representación da organización sindical CCOO, facendo as seguintes observacións sobre as bases da convocatoria:

- Respecto á base I.1., considera que o segundo parágrafo debe incluírse na base I.2.
- Solicita que se aclare o último parágrafo da base I.4.
- Con respecto á fase de resultados, solicita que se inclúa a posibilidade de pedir máis dunha localidade, e incluso a posibilidade de pedir postos con complemento de informática.
- Na antigüidade, solicita que se amplíe o abano de anos, de xeito que a puntuación máxima se poida acadar con 45 anos de servizo.
- Con respecto á valoración do traballo desenvolvido, que se compute o tempo de destino provisional por novo ingreso, e os tres meses posteriores ao cese nun posto de libre designación ou concurso.
- Con respecto á permanencia para os funcionarios que lle supriman o posto, que se teña en conta á permanencia desde o posto suprimido.
- Solicita que se valoren os cursos de arquivo para todos os postos.
- Respecto a titulación académica, solicita que non se valore en tanto no se elabore o catálogo de postos. De manterse, solicitan que se valore como diplomatura os tres cursos dunha carreira universitaria.
- Con respecto aos cursos de galego, solicita que se valoren os primeiros cursos de galego que impartiu a EGAP.
- Con respecto as medidas de conciliación, considera excesiva a valoración con 1 punto, e solicita que se aplique esta medida con independencia de que a parella sexa funcionaria ou non.
- Solicita que se contemplan ás situacións de violencia de xénero.
- Propón que aqueles funcionarios que participen desde a situación de adscrición provisional por supresión do posto obtido por concurso teñan preferencia para concursar a prazas do mesmo nivel na localidade onde tiñan o posto suprimido.
- Respecto ao anexo dos vacantes, sinala que hai postos vacantes que non saen, e que presentará unha relación de postos. Con respecto aos postos que se van amortizar, e que se queren retirar do concurso, reitera o sinalado pola organización sindical CIG.

*Intervén a representación da organización sindical UXT, facendo as seguintes observacións sobre as bases da convocatoria:

- Pon de relevo a premura da convocatoria do concurso, indicando que se debe dar unha saída aos funcionarios que aprobaron a promoción interna e que pediron a excedencia por incompatibilidade. Así mesmo, solicita que se lle compute o tempo os funcionarios por novo ingreso con destino provisional. Tamén indican que aos funcionarios que se lles suprimiu o posto de concurso poidan quedar na mesma localidade e no nivel que tiñan.
- Con respecto a antigüidade, propón que se valore por meses, para que teña máis peso a hora de resolver os empates. Tamén propón dous tramos de puntuación, para servizos na Xunta e para servizos noutras Administracións.
- Respecto aos cursos de formación, propoñen que os cursos de idiomas non se valoren para todos os postos, senón só para os que necesiten o uso de idiomas.
- Respecto ás medidas de conciliación, consideran excesiva a puntuación de 1 punto. Poderíase dar esta puntuación si se contemplase por exemplo a existencia de fillos.
- Preguntan se na excedencia para o coidado de familiares a que se refire a base II.8.2 se inclúen os fillos.
- Respecto ás prazas, indica que hai prazas que se van a amortizar na Consellería de Medio Rural e que non aparecen no anexo das prazas que se retiran do concurso.

*Intervén a representación da organización sindical CSI-CSIF facendo as seguintes observacións sobre as bases da convocatoria:

- Propón que non se exclúa da participación no concurso ao persoal da Lei 17/1989.
- Que se outorgue máis puntuación no apartado de antigüidade, e que se valore por meses e non por anos.
- Que se puntúen todos os cursos organizados pola EGAP
- No apartado de titulación académica, que se valoren os cursos de posgrao.
- Respecto ás medidas de conciliación, consideran excesiva a puntuación de 1 punto
- Que se amplíe a 1 mes o prazo de presentación de solicitudes.
- Respecto ao anexo de prazas, indica que non aparecen todas as vacantes.
- Propón que o curso de prevención de riscos laborais que organiza a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza se valore.

*Toma a palabra o Presidente da Mesa Sectorial:

- Indícase que o prazo de presentación de solicitudes para participar no concurso é o que está establecido no Decreto 93/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de provisión de postos de traballo, promoción profesional e promoción interna, e que se intentará publicar a convocatoria na primeira quincena do mes de xuño, para que non coincida coas vacacións do verán.
- A presentación de solicitudes por vía telemática non é posible neste momento dada a aplicación informática, se ben garantese que os méritos se poidan facer constar por esta vía, tal e como se recolle nas bases.
- O resto das alegacións efectuadas valoraranse de cara á Comisión de Persoal para modificar de ser o caso, as bases do concurso.

*A representación da organización sindical CCOO, sinala que se manden as modificacións, antes da Comisión de Persoal.

* A representante da Secretaria Xeral de Presidencia, indica que se ofertan todas as prazas vacantes.

* O presidente da Mesa Sectorial en relación coas vacantes dalle a palabra á Subdirectora xeral de Selección e Provisión de postos, e informa que respecto as prazas que se van a amortizar, ten informes por escrito dos Secretarios Xerais das Consellerías afectadas. Non obstante, indica que se algún posto que se debe incluír non aparece, que llo indiquen e que se comprobará.

* A representación da organización sindical CIG propón que por parte da Dirección Xeral da Función Pública se firme algún acordo que garantice que os postos que se retiran do concurso se van a amortizar, e no caso de que non se amorticen se cese ao interino ou ao funcionario que estea ocupando o posto.

Resposta o Presidente e informa que existirá un control por parte da Dirección Xeral da Función Pública por canto ten as competencias en materia de RPT.

* A representación da organización sindical CSI-CSIF pregunta se as persoas que están a disposición se asimilan aos funcionarios que están adscritos provisionalmente á hora de concursar. Resposta o Presidente e informa que só os adscritos teñen a obriga de concursar.

Punto terceiro: Rogos e preguntas.

*A representación da organización sindical CIG, pregunta sobre a integración do ISM.

Resposta o Presidente que se está convocada unha reunión para o día 6 de maio.

- Pregunta sobre o concurso de Administración especial.

Resposta o Presidente que se convocará a partir de outono.

-Manifesta que se abra unha mesa de negociación para o persoal da Lei 17/1989 (promoción interna, concursos...)

- Que se abra a negociación dos procesos selectivos correspondentes á oferta para o ano 2007, e que se adopten medidas sobre o idioma galego.

Resposta á Subdirectora xeral de selección e provisión de postos, que se está a traballar nestes procesos, vendo a incidencia do Estatuto Básico do Empregado Público.

-Manifesta que ten coñecemento de que se está a negociar a RPT dos veterinarios cunha asociación profesional.

O Presidente da Mesa sectorial resposta que o desconoce, pero que os únicos representantes lexítimos a estes efectos son as organizacións sindicais.

-Pregunta sobre a situación do Fondo de Acción social do ano 2006.

O presidente da mesa manifesta que se prevé que os listados provisionais se publiquen no mes de xuño.

* A representación da organización sindical CCOO, pregunta sobre o concurso das escalas de inspección e subinspección de consumo.

Resposta a Subdirectora xeral de selección e provisión de postos, que hay que estudialo e se contestará na próxima reunión.

-Pregunta sobre a modificación do Decreto de listas.

Resposta a Subdirectora xeral de selección e provisión de postos, que hay que esperar á modificación da aplicación informática, e que se traballará nesta materia con posterioridade ao concurso de traslados a partir do 15 de outubro.

*A representación da organización sindical UXT, pregunta sobre as datas dos procesos selectivos. Resposta a Subdirectora xeral de selección e provisión de postos que se está a traballar nas convocatorias.

*A representación da organización sindical CSI-CSIF, pon de manifesto que aos funcionarios de novo ingreso do grupo A, se lle están ofrecendo xefaturas de sección, cando hai funcionarios que están sen posto, a disposición.

E non habendo máis asuntos que tratar levántase a sesión sendo as catorce horas do día da data.

Vº e praxe,

Dou fe

O PRESIDENTE

A SECRETARIA

Victor Gallego Vincent

Raquel Souto García